

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E O CONCELLO DE MARÍN PARA A TRANSMISIÓN DA TITULARIDADE DUN APARCADOIRO DISUASORIO EXECUTADO NO TERMO MUNICIPAL DE MARÍN, NA CONTORNA DO NÚCLEO DE AMEAL, FINANCIADO POLO "PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA - FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA -NextGenerationEU".

1. COMPETENCIA

A Comunidade Autónoma de Galicia ten, entre as súas competencias exclusivas, as obras públicas que non teñan a cualificación legal de interese xeral do Estado ou cuxa execución ou explotación non afecte a outra Comunidade Autónoma ou provincia, así como a do transporte por estrada non incorporado á rede do Estado e cuxo itinerario se desenvolva integramente no territorio da Comunidade Autónoma, ao abeiro dos apartados sete e oito do artigo 27 do Estatuto de Autonomía de Galicia, aprobado pola Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril.

Pola súa parte, á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes lle corresponde a elaboración, proposta e execución da política do Goberno galego en materia, entre outros aspectos, de mobilidade, ao abeiro do artigo 1 do Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica.

2. ANTECEDENTES

A Xunta de Galicia desenvolveu unha estratexia de mobilidade sustentable, que ten, como un dos seus obxectivos, o fomento dos desprazamentos non motorizados nos ámbitos urbanos e metropolitanos. Neste sentido, propónse a habilitación de aparcadoiros disuasorios na contorna metropolitana das principais cidades de Galicia, e desta forma contribuír á implantación nelas de zonas de baixas emisións, tal e como o esixe a Lei 7/2021, de 7 de maio, de Cambio Climático e Transición Enerxética.

A Estratexia Galega de Mobilidade foi aprobada por Acordo do Consello da Xunta de Galicia do día 6 de maio de 2024, dita Estratexia inclúe liñas de acción que se atopan, ademais, entre as que pretende financiar a Comisión Europea, a través do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, e, en desenvolvemento deste, o Goberno de España, a través do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

O Concello de Marín, unido a esta mesma estratexia, en aras de facilitar a implantación de políticas de mobilidade sostible para satisfacer as necesidades de mobilidade da súa cidadanía, trasladou a necesidade de habilitar de diferentes espazos que poidan actuar a modo de aparcadoiros disuasorios, para facer efectivo o transvase modal entre o vehículo automóbil privado e eses modos de mobilidade sostible.

A Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a o abeiro da sección 1ª do Capítulo IV do Título II da Lei 18/2021, do 27 de decembro, de Medidas Fiscais e Administrativas, elaborou, aprobou, licitou e está a executar un proxecto para a implantación, entre outros, dun aparcadoiro disuasorio no termo municipal de Marín, situado na ligazón do punto quilométrico (P.Q.) 10+000 da VG-4.4 coa estrada provincial EP-1202, próximo ao núcleo de Ameal, cunha capacidade de 81 praza

3. FINALIDADE



Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co Concello de Marín o instrumento convencional arriba indicado. O convenio, segundo a súa cláusula novena, terá efecto dende a súa sinatura e a súa vixencia manterase ata a recepción das actuacións no prazo sinalado no documento técnico que serve de base para realizar as obras. En todo caso, a eficacia do presente convenio estenderase ata o 31 de decembro de 2025.

4. OBXECTO

O obxecto do presente convenio é establecer as bases da colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello de Marín que permitan a transmisión da titularidade e a mellor explotación das obras executadas ao abeiro do proxecto para a habilitación dun aparcadoiro disuasorio no termo municipal de Marín, situado na ligazón do punto quilométrico (P.Q.) 10+000 da VG-4.4 coa estrada provincial EP-1202, próximo ao núcleo de Ameal, que está a ser promovido pola Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, e que está a ser financiada con fondos procedentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da Unión Europea, a través do “Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – financiado pola Unión Europea – NextGenerationEu” xestionado polo Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible.

A Xunta de Galicia asume os compromisos de comunicarlle ao Concello de Marín a finalización e recepción das obras. A data desta comunicación é a que determina o nacemento da obriga asumida polo Concello do parágrafo seguinte, sen prexuízo das responsabilidades que correspondan ao contratista derivadas do contrato de obra.

O Concello de Marín comprométese a asumir, unha vez realizadas as obras, e logo da comunicación da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a titularidade do aparcadoiro disuasorio executado por esta no termo municipal de Marín no entorno do núcleo de Ameal (asociado á VG-4.4) e, polo tanto, a explotación, mantemento, conservación e demais dereitos e obrigas inherentes á súa condición de titular.

A continuación, o cambio de titularidade tramitarase ao abeiro do artigo 9 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia.

No caso de que o aparcadoiro deixe de destinarse a tal fin, procederá a devolución do mesmo ao patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, consonte ao establecido na Lei 6/2023, do 2 de novembro.

O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase en que os convenios entre administracións públicas constitúen o elemento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal e como establecen o artigo 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e o artigo 198 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

4. FINANCIAMENTO

O obxecto do convenio de colaboración non leva implícito compromisos de inversión por ningunha das dúas entidades asinantes.



Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A directora xeral de Mobilidade

Judit Fontela Baró

